



***Eloy Rodríguez en absoluta, Cristina Sanmartín en damas e David Andrew Hawatson en Springers, Campións Galegos de San Huberto***

O pasado día 26 de agosto tiña lugar en Sedes, Narón (A Coruña), a vixésima edición do Campionato Galego de Caza San Huberto, que a FGC organizaba en colaboración coa Sociedade de Caza e Pesca de Xubia.

Nun excelente escenario para o desenvolvemento da competición, déronse cita os 24 cazadores clasificados no seus respectivos Campionatos Provinciais: 6 por A Coruña, 5 por Lugo, 4 por Ourense e 6 por Pontevedra, xunto co campión da pasada edición e os dous primeiros clasificados da Copa Federación.

En categoría absoluta foi finalmente Eloy Rodríguez Martínez con 'Piti' (S.I.M.) quen acadou a victoria, seguido do anterior campión galego René Vale García con 'Top' (S.I.M.) e Jorge Martín Sánchez con 'Ja da Chousa' (P.H.) completando o podio.



*O campión galego Eloy Rodríguez Martínez, recibe o premio de mans do Presidente da FGC, José María Gómez Cortón*



*Cristina Sanmartín, de novo Campiona Galega de San Huberto*

En categoría feminina anovou o título Cristina Sanmartín Porca con 'Jara da Chousa' (P.H.), quedando en segundo lugar M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Comesaña con 'Devon' (S.I.M.) e no terceiro posto Nicolasa González Carrodegas con 'Jef de Caaveiro' (S.I.M.).

En springers tamén anovou título David Andrew Hawatson con 'Cha', quedando subcampiona Alicia Quintas Montero con 'Twinkle'.

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)